

# Faro da Cultura

## Poeta Otero Pedrayo

Para ler e non queimar

XOSÉ RAMÓN PENA

En 1958, aparecía en Madrid (se ben que impreso en Vigo, en Gráficas Numen) *Bocarribeira. Poemas para ler e queimar*, o único libro de poemas publicado por Ramón Otero Pedrayo, e que se viña converter no número 1 dos volumes editados por Brais Pinto. Non obstante, antes e mais despois desa data, o autor de *Camiños no tempo* escribiu poesía: versos que, porén, se negou en máis dunha ocasión a ceder para a súa inclusión en escolmas ou antoloxías. Así, por exemplo, cando en 1935 Xosé Filgueira Valverde lle solicitase textos para a súa *Antoloxía consultada da poesía galega contemporánea*, daría cunha resposta negativa por parte de D. Ramón: "Poemas: Ningún. O Seor ROP (Requiescat omne pacem) di: "Non sumos dignus".

Mais a actividade poética do ourensán era coñecida non só apenas a través de *Bocarribeira*, senón mediante outras aportacións que foron aparecendo –na *Escolma de poesía galega* preparada por F. Fernández del Riego, na revista *Cría!*... – aquí e acolá: en fin, un mangado que se ben non destacaba polo número, si que dá conta do que facer lírico oteriano: labor ben digno dese "outro" R.O.P., narrador e ensaísta, toda vez que a calidade do conxunto amosa cumpridos méritos para figurar por dereito propio nas páxinas da nosa historia da literatura contemporánea.

Desde xa hai décadas, o profesor Xesús Alonso Montero –entre outras aportacións á temática que nos ocupa, cómpre consultar especialmente a súa *Oteriana* (2000)– viña amosando especial interese en reunir a contribución poética de Otero. Final e felizmente, Alonso acaba de cumprir o propósito: a editorial Galaxia dá agora á luz pública a entrega titulada *Poesía* de Ramón Otero Pedrayo. Ao longo das páxinas deste volume enxergamos, pois, a presenza de noventa e cinco poemas de Otero: deles, vinte e cinco inéditos. Sen dúbida, cómpre darlle os parabéns ao profesor Alonso Montero polo traballo investigativo e ecdótico levado a cabo –Alonso encargouse, polo tanto, da edición, introdución e notas dos textos– e que nos permite, xa que logo, achegarnos con rigor e solvencia aos versos dun dos grandes da nosa literatura.

Por volta de 1988, e se me é permitida a auto-cita, presenteí un pequeno traballo titulado "O poeta de Nós" para o Simposio Internacional "Otero Pedrayo no Panorama Literario do Século XX", celebrado en Santiago de Compostela en setembro dese mesmo ano (As Actas do congreso foron publicadas en 1990). Entre outras cousas, viña subliñar eu daquela que acaso unha das claves que definen a acción dos homes do grupo Nós está na busca dunha síntese entre tradición e modernidade –e, como consecuencia desa, na procura do que podemos denominar "estética nacional renovada"–: "Tradición e modernidade. E que mellor que a paisaxe (...) como elemento clave, como motivo por excelencia do discurso? Os homes, en Otero, non existen sen a paisaxe (...) O poeta de Nós tiña que ser un poeta da paisaxe; un poeta que cantase a paisaxe galega, que sentise esa paisaxe como algo telúrico. E, ao mesmo tempo, tiña que ser un poeta que se ocupase da paisaxe con voz moderna. Así, a fusión, o ensamblamento sería perfecto."

Á vista desta nova achega, coído que cómpre reafirmarme neses mesmos termos. O que máis: o propio Xesús



Alonso Montero sinala, na "Introdución", que "nalgunhas das composicións citadas, e en moitas outras, é (Otero) o gran poeta da xeografía, sobre todo da xeografía autumnal." Unha perspectiva destacada tamén, polo demais, por Anxo Angueira no "Limiar" á segunda edición de *Bocarribeira* (Galaxia, 2005).

Para levar adiante tal propósito, botou man Otero de diferentes ferramentas: asistimos, unhas veces, ao devalar da nosa gran tradición de poesía paixasítica, a que enlaza versos de Pondal con esoutros de Cabanillas e que se prolonga, en novos xeitos, a través de Novoneyra ou de Manuel María. Noutras ocasións, xorden as formas hillozoístas e neo-popularistas na xeira de Amado Carballo e mais na que ben podemos etiquetar de "vanguardia enxebre". Auga, pedra, vento, ceo, son, ritmos... –véxase nas referidas Actas o artigo de M<sup>a</sup> do Carme Ríos Panisse, "A paisaxe en Otero Pedrayo"– enchoupan os versos do creador de *Arredor de si*. Uns versos que non eluden, non obstante, esoutras xeografías urbanas: tal é o caso do pequeno "ciclo compostelán", que destaca Alonso Montero, pero que tamén se ocupan doutras temáticas e dimensións, tal é o caso daquela de signo goliardesco ou incluso doutras formas máis inagardas, mesmo de contido político ("Pranto polo Seminario de Estudos Galegos"). Sen dúbida, poemas, todos eles, para ler e non queimar.

OTERO PEDRAYO, Ramón, *Poesía*, (ed. X. Alonso Montero), Ed. Galaxia, Vigo, 2010, PVP 22 €